



INFORMACIÓN XERAL SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN.

O prazo de presentación de solicitudes abranguerá:

- a) Solicitudes de **reserva** (ED550A): do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2024.
- b) Solicitudes **ordinarias de admisión** (ED550B): do 1 ao 20 de marzo de 2024.

Forma de presentación: electrónica e presencial.

O proceso de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática admisionalumnado.

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

Os modelos ED550A e ED550B (reserva e admisión ordinaria) e os respectivos anexos estarán dispoñibles a partir da data de inicio do correspondente prazo de presentación:

Na aplicación admisionalumnado.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia

Nos centros docentes.

A **solicitud de reserva** (ED550A) e a **solicitud de admisión ordinaria** (ED550B) son únicas e vinculantes. Non obstante, poderá renunciarse na forma indicada a continuación.

- Para renunciar a un posto **reservado** será necesario ter presentado un escrito de renuncia no centro docente coa data límite do día 28 de febreiro de 2024. Na solicitude de admisión ordinaria ED550B presentada en prazo terá que cubrir os datos que aparecen no recadro "Supostos específicos".

- Para renunciar a unha **solicitud de admisión** ordinaria anterior (do 1 ao 20 de marzo) terá que presentar unha nova solicitude ED550B en prazo na que terá que cubrir os datos que aparecen no recadro "Supostos específicos".

Os artigos 26.6 e 46 da orde establecen que en todos os casos de solicitude (de reserva, admisión ordinaria e escolarización extraordinaria) de alumnado menor de idade non emancipado é **necesario o consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras**, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero.

Todos os alumnos poderán presentar solicitude de admisión pedindo **ata seis centros** por orde de preferencia, alegando os criterios de admisión que pretenda que se lles valore.

O director

J. Emilio Gómez Fernández



PROCESO DE ADMISIÓN EXTERNA CURSO 2024/2025

(DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro)

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/42051>

PROCESO	PERIODO
Reserva de praza en colexios adscritos (ED550A)	Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro (ambos incluídos)
Listaxe definitiva de alumnado con posto reservado (consulta nos colexios adscritos)	22 de febreiro
Sorteo desempate	Última semana de febreiro
Publicación da previsión inicial de prazas	Antes do 1 de marzo (en Web e taboleiro anuncios)
Presentación de solicitudes de ADMISIÓN EXTERNA (ED550B)	Do 1 ao 20 de marzo (a.i.)
Presentación documentación (se hai máis solicitudes que prazas vacantes)	Do 26 de marzo ao 8 de abril
Petición e entrega de documentación complementaria, se é preciso	5 días desde o seu requerimento (do 13 ao 17 de abril)
LISTAXES	
Publicación listaxes provisionais de persoas admitidas	25 de abril
Reclamacións (ante o Consello Escolar)	26 abril – 3 maio
Publicación listaxes definitivas (perda do dereito de permanencia no centro de orixe)	15 de maio
Reclamacións (ante Xefatura Territorial con recurso de alzada)	1 mes a partir do día seguinte ao da publicación das listas definitivas
Perda do dereito de PRIORIDADE	Ver información sobre proceso
ANEAE (Alumnado con Necesidades Educativas de Apoio Educativo)	
Presentación da solicitude	Do 1 ao 20 de marzo
Recepción dos informes das resolucións de Xefatura Territorial	Antes do 24 de abril
Se hai máis solicitudes que prazas	Baremación co resto de solicitudes
MATRÍCULAS	
Ordinaria	Do 23 de xuño ao 7 de xullo
Anulación de matrícula bacharelato	Antes do 30 de abril